



ACORDO DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA POLO QUE SE AMPLÍA A EDICIÓN DE DISTINTOS CURSOS DE LINGUA GALEGA PREPARATORIOS DAS PROBAS PARA OBTEN OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA CELGA 1, CELGA 2, CELGA 3 E CELGA 4

ANTECEDENTES

Ao abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2018, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, planificáronse os seguintes cursos:

- CL420181503001 Concello da Coruña
- CL42018CO-1 En liña
- CL42018PO-1 En liña
- CL42018OU-1 En liña
- CL42018EX-1 En liña

Esta resolución establece na base sétima o seguinte: “A Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá realizar máis dunha edición do curso ou cursos que teñan unha demanda moi superior ao número máximo de participantes”

O interese da poboación na realización destes cursos foi manifestada a través da alta demanda, que supera o número máximo de alumnos por aula establecido na convocatoria.

Tendo en conta que a certificación no sistema Celga é un requisito para moitas das ofertas de emprego público, a Secretaría Xeral de Política Lingüística considera que, na medida das súas posibilidades económicas, persoais e materiais, lle debe facilitar o acceso á formación á maioría posible de persoas interesadas.

Esta ampliación non suporá un incremento económico sobre a planificación prevista, xa que quedará compensada pola anulación doutros cursos establecida na mesma convocatoria por non acadar o número mínimo de alumnos ou por falta de profesorado para impartilos.



Con base no exposto, ACORDO:

2 Realizar dúas edicións dos seguintes cursos:

- CL42018PO-1 En liña
- CL42018EX-1 En liña
- CL420181503001 Concello da Coruña

3 Realizar tres edicións dos seguintes cursos:

- CL42018OU-1 En liña

4 Realizar cinco edicións do seguinte curso:

- CL42018CO-1 En liña

5 Incluir estas novas edicións na oferta aos profesores.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez